

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1 º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

2019-2020

Materias da titoría: Matemáticas, Lingua Castela, Lingua galega, C. Naturais, C. Sociais, Valores sociais e cívicos e Plástica.

MODIFICACIÓN DURANTE A AVALIACIÓN 3ª

12/5/2020

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

Cristina Vázquez Gómez

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Tendo presente como base o Anexo I, II e III do Decreto 105/2014, anotaranse os estándares de aprendizaxe indispensables para este curso. Especificanse tamén os posibles matices dos mesmo: pendentes de ampliación, unha parte que quede pendente para o seguinte curso...

Considéranse imprescindibles aqueles que foron xa tratados nas outras avaliacións e que queremos reforzar ou, se é o caso, ampliar conforme vemos que os rapaces van traballando ou segundo os seus coñecementos previos.

Clave das competencias:

Comunicación lingüística (CCL)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Competencia dixital (CD)

Aprender a aprender (CAA)

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

LINGUA CASTELÁ / LINGUA GALEGA

CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.	▪ LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	▪ LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	▪ CCL ▪ CSC
B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes.	▪ LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	▪ CCL ▪ CAA
B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	▪ LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	▪ CCL

<p>B1.9 Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<p>B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<p>B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<p>B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e graffas da Lingua castelá en palabras significativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<p>B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.3.1. Escribe, con axuda, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	▪ LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia. <u>SEN ESPECIFICAR. USANDO ARTIGO, NOME, ADXETIVO E VERBO.</u>	▪ CCL
	▪ LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos. <u>EMPREGAR EN COMPOSICIÓN PERO SEN ESPECIFICAR O CONTIDO.</u>	▪ CCL
B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	▪ LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	▪ CCL
	▪ LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	▪ CCL
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral	▪ LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións	▪ CCL

e escrita a través do coñecemento da lingua.	simples para compoñer textos sinxelos.	
B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.. <u>INTENTANDO CONECTAR LINGUA E LENGUA NUNHA MESMA ACTIVIDADE.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

MATEMÁTICAS

CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.4. Ordena números 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT

	enteiros e representaos na recta numérica.	
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. <u>PREVISIBLEMENTE SUMAS SEN LEVADAS.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano. <u>MOI LIXEIRAMENTE.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora. <u>PREVISIBLEMENTE DIXITAL COA LECTURA DOS NÚMEROS.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
B3.5. Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA

Europea.	tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. <u>PRIMEIRO CONTACTO SEPARANDO CÉNTIMOS DE EUROS.</u>	
B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL
B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA

CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.8.1. Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA

	contorna próxima.	
B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT
B3.3. Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CCL
B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL

CIENCIAS NATURAIS

CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	<ul style="list-style-type: none"> CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
	<ul style="list-style-type: none"> CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CSC

B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CSC
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el. <u>POTENCIADO POLO CONFINAMENTO Ó ESTAR CON MEDIOS ELECTRÓNICOS.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. <u>POTENCIADO POLO CONFINAMENTO Ó ESTAR CON MEDIOS ELECTRÓNICOS.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

PLÁSTICA

CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.	<ul style="list-style-type: none"> □ EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC

B1.3. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	<input type="checkbox"/> EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas e liñas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT
B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	<input type="checkbox"/> EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	<input type="checkbox"/> CCEC
	<input type="checkbox"/> EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas...	<input type="checkbox"/> EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). <u>ADAPTACIÓN DOS MATERIAIS DA CASA.</u>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE
	<input type="checkbox"/> EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA

VALORES

CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
B1.2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.	CSC CSIEE
B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.	CSIEE CSC

B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.	CCL CSC CSIEE
B2.2. Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra.	VSCB2.2.1. Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.	CCL CSC CSIEE
B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.	CCL CSC CSIEE

2. Avaliación e cualificación	
Instrumentos de avaliación	<p>Entrevista coa familia e/ou nenos, fotos de traballos, audios, vídeos, cuestionarios de Google Form.</p> <p>Plantéxase a posibilidade de trato por What's Up (chamadas, vídeoschamadas, grupos, difusión, e mensaxes privados). Tanto para a recollida de material como para calquera cuestión. A parte, tamén os correos electrónicos e traspaso de información por DRIVE.</p> <p>Estudiarase a posibilidade dalgún contacto entre toda a clase coa plataforma Webex. Segundo as posibilidades das familias.</p>
Procedementos de avaliación	<p>A escoita e visualización do material que achegan ós alumnos e a revisión dos cuestionarios que se vaian formulando.</p> <p>No traballo semanal márcanse certas actividades como importantes para o seu rexistro positivo. A maiores contémpanse outras actividades rutinarias e algunhas máis dinámicas. Así garántese cubrir o reforzo e ampliación que necesitan os nenos segundo a súa diversidade e os diferentes ritmos de traballo.</p>

	<p>Pero a base é a comunicación coa familia, xa que nestes cursos baixos de primaria é indispensable estar preto deles: vixiar o agarre do lapis, o xeito de facer as grafías, controlar as palabras por minuto na lectura, acceder ós medios informáticos... e un sinfín de labores das que se encargan exclusivamente as familias. Elas contan as fortalezas e dificultades do alumnado que se completan coas mostras a recoller.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>As tarefas programadas para este 3º trimestre son tarefas de recuperación, repaso, reforzo e ampliación daquilo que así se considera. A nota media das avaliación 1ª e 2ª será a cualificación de partida atendendo ás recentes instrucións pola orde que nos reximos. Sempre e cando coas tarefas do 3º trimestre se poida acreditar, poderase mellorar dita cualificación. Nunca perxudicará o feito nesta avaliación sobre a nota media das dúas primeiras.</p> <p>Incluso, se se dera o caso de alumnos que non acadaran unha cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación poderían superar a materia sempre e cando o demostraran coas tarefas do 3º trimestre atendendo ós estándares definidos como esenciais.</p> <p>En xeral, terase en conta o punto de partida de cada alumno, se se aprecia esforzo e se hai evidencias de melloría nas mostras que se recollen.</p>
<p>Seguimento das materias pendentes</p>	<p>NON É O CASO. PERO SI SE ACENTÚA A ATENCIÓN CARA AQUELES NENOS QUE NECESITABAN REFORZO PARA ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA.</p>

Incidemos no reforzo e na importancia dos estándares sinalados. Se no transcurso do trimestre algúns deles se alteran por non darse ou si incluírse reflexarase na memoria de final de curso e así se fai constar semanalmente no traballo que se plantexa.

Cada semana dáselle a familia unha valoración global do neno e incidirase naquilo que teñen que reforzar.

Posto que o seguinte curso é un complemento ó actual, e a mestre será a mesma, podemos xogar con certa vantaxe e non preciparnos en exceso con moitos contidos

novos. Incídese máis en manter e mellorar os procedementos de lectura, escritura e comprensión matemática.

Recalcar que as posibles cualificacións numéricas do Google Forms non teñen que ver coa nota numérica dos nenos nos boletíns. Conta o feito de afacerse a este medio e o proceso de intentar buscar a solución. De feito pódense cubrir as veces que sexan necesarias.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>En xeral: recheo de fichas, propostas de lecturas, ditados e composicións escritas/orais e cuestionarios, propostas orais para comentar en familia e composicións plásticas. Algunhas serán abertas e outras máis concretas.</p> <p>Tamén se contribúe a que as familias participen noutras actividades do centro promovidas polo Equipo da Biblioteca e de Dinamización da lingua galega. Así como contando co apoio das propostas da mestra de PT.</p> <p>Iranse propoñendodiferentes actividades motivadoras con motivo das conmemoracións marcadas na programación e, que así se fan saber cada semana.</p> <p>As actividades sempre as poderán adaptar ou cambiar por outras similares se teñen material na casa aprobeitable.</p> <p>As tarefas e información relevante ou curiosa distribúese nun libro dixital ó que teñen acceso. Dende el poden acceder ó recunchos das demais materias e do colexio.</p> <p>Na páxina do colexio pode ir seleccionando actividades atrasadas. E no propio liro dixital permanecerán aquelas tarefas máis</p>

	<p>relevantes ou singulares.</p> <p>Non asignamos tarefas por día nin cun límite estrito. O traballo é orientativo, flexible para amoldarse a distintos ritmos de traballo e situacións familiares.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e en conectividade):</p>	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do libro dixital que se renova cada semana, da páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas.</p> <p>O trato mediante What's Up está garantizado tanto en grupos como individual. Tanto por mensaxes escritos como videochamadas individuais ou en pequenos grupos. Para o gran grupo intentarase empregar Webex.</p> <p>As tarefas cólganse o domingo anterior a cada semana para que as familias poidan organizar a semana segundo as diferentes situacións.</p> <p>Recalcar que son as familias as que levan tamén un gran peso na metodoloxía neste trimestre no que a o curso de primeiro se refire: busca de información, selección e adaptación de tarefas, descarga de material, impresión de material, control das actividades no caderno, entrar en actividades online...</p> <p>O concello oferta a posibilidade de imprimir material.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, impresora propia das familias/librerías, libros do propio curso que xa teñan na casa, acceso virtual como referencia os propios libros que teñen no colexio, fotocopias, material de propia elaboración/adaptación, imaxes e material audiovisual, cadernos e diverso material escolar. Tamén material didáctico que aportan as familias.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado. De tódolos xeitos, sempre se recalcou que non é necesario imprimir o material. Onde si pode ser útil é para favorecer a lectura.</p> <p>Pantallas electrónicas (preferiblemente ordenador) con acceso a</p>

internet polo menos no momento de consultar o material, papel en branco e útiles de escritura sería o material básico.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
Publicidade	Publicación deste documento na páxina web do centro.